

REGULAMENTO DO “II 10K de Fene”

ARTÍCULO 1.

O Concello de Fene organiza o segundo “10K de Fene”.

A proba organizarase o día **17 de maio de 2015** a partir das 10:00 horas e está incluída no Calendario Oficial da FGA.

A saída e meta estará situada xunto á Praza verde do Concello de Fene, no punto quilométrico 0,430 da AC 133 Fene-Mugardos.

ARTÍCULO 2. PARTICIPANTES

A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

As categorías irán dende biberóns ata veteranos.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

Simultaneamente realizarase unha andaina, aberta a todos os públicos.

ARTÍCULO 3. PERCORRIDO, DISTANCIAS E HORARIOS.

O circuito sobre asfalto estará pechado a todos os vehículos, salvo os autorizados pola Organización.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección civil e coa colaboración da Organización.

Calquera outro tipo de acompañamento estará prohibido.

Cada quilómetro estará sinalizado sobre o asfalto.

Horarios e distancias:

- 10:00 h: Categoría Absoluta: nacidos no 97 e anteriores: 10.000 mts
- 10:05 h: Andaina 3,6 km.
- 11:30 h: Cadetes e xuvenis, nacidos nos anos 01/00/99/98: 3.600 mts
- 11:50 h: Infantís e alevíns, nacidos nos anos 02/03/04/05: 1.800 mts
- 12:00 h: Benxamín, nacidos nos anos 06/07: 800 mts
- 12:15 h: Prebenxamín, nacidos no anos 2008/2009: 100 mts
- 12:20 h: Biberón, nacidos nos anos 2010/2011: 80 mts

ARTÍCULO 4. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

4.1.-Carreira absoluta e andaina:

Unha inscrición é válida cando o participante cubre o formulario de inscrición a través da **web** : www.nortsport.es e pagar o custo da inscrición.

Poderán realizarse inscricións presenciais ata o xoves 14 de maio no pavillón da Xunqueira, en San Valentín. Horario: De luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas e mércores tamén en horario de tarde, de 16:30 a 19:00 h

As inscricións a través da **web pecharanse o xoves, 14 de maio ás 23:59h.**

O mesmo día da proba **NON** se poderán realizar inscricións.

4.2.- Carreiras de menores: www.fgatletismo.es/ferrol

4.3.- Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente todos os artigos deste regulamento
- Aceptar as posibles modificacións da proba ás que a Organización se vexa obrigada por causas alleas á súa vontade

4.4.- A inscrición da carreira é personal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

4.5.- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que se expón a continuación: "Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á Organización, traballadores e demais organizadores, de toda responsabilidade que puidera derivarse da participación no evento tal como danos morais ou materiais, perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, lesións, etc.

4.6.- A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento plasmados neste regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

4.7.- RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS:

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira á calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

Os participantes deberán correr en todo momento pola dereita da calzada, sendo motivo de descalificación calquera infracción deste punto.

A proba estará controlada polo comité Galego de Xuices da F.G.A., que estarán autorizados a descalificar:

- A todo atleta que non realice o percorrido completo
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade, ou o fotocopie.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

ARTÍCULO 5. CATEGORÍAS:

Probas de menores

- Biberón, nados/as no ano 2010/2011
- Prebenxamín, nados/as no anos 2008/2009
- Benxamín, nados/as nos anos 2006/2007
- Alevíns, nados/as no 2004/2005
- Infantís, nados/as no ano 2002/2003
- Cadetes : nados/as nos anos 2.000/2001
- Xuvenis: nados/as nos 1998/1999

Carreira absoluta:

- Sub 23: nados nos 97/96/95/94/93
- Senior: de 23 a 34 anos
- Veteráns A: de 35 a 44 anos
- Veteráns B: de 45 a 54 anos
- Veteráns C: A partir de 55 anos

ARTÍCULO 6.- CUSTO DA INSCRICIÓN

- A inscrición na carreira absoluta terá un custo de 5,00 €
- A inscrición nas carreiras de menores será gratuíta
- A inscrición na andaina terá un custo de 3,00 €

Esta carreira é solidaria e todo o recadado irá destinado á “ASOCIACIÓN ARRAIGO – Axuda a persoas en risco de exclusión social”.

ARTÍCULO 7: - RETIRADA DE DORSAL

Os participantes poderán retirar o dorsal nos seguintes lugares:

- Sábado 16: No Concello de Fene (Avenida do Concello s/n. 15500. Fene) de 11:00 a 13:00 e de 18:00 a 20:00 h.
- Domingo 17: No lugar de saída (na Praza verde do Concello de Fene) ata 30 minutos antes do comezo de cada proba.

ARTÍCULO 8.- TROFEOS E PREMIOS

- Todos os corredores inscritos na carreira absoluta e na andaina serán obsequiados cunha camiseta conmemorativa.
- Todos os biberóns e prebenxamíns recibirán medallas unha vez finalizada a proba.
- Os tres primeiros clasificados das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, tanto masculina como feminina, recibirán medalla.
- Na carreira absoluta os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculina como feminina recibirán trofeo
- Entregarase tamén trofeo aos tres primeiros absolutos homes e mulleres.

Poderá solicitarse a presentación dun documento que acredite a identidade para recoller os premios

ARTICULO 9.- APELACIÓNS

As reclamacións relativas á clasificación deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro, antes dos 30 minutos posteriores de facerse públicos os resultados, o una secretaría da competición, xendo o xuíz árbitro o encargado de resolvelas.

Todo o non previsto neste Regulamento resolverase conforme ás normas da FGA, RFEA e a IAAF, por esta orde.

ARTÍCULO 10.- AVITUALLAMENTOS

Ofreceráse un avituallamento na metade da proba da categoría absoluta e estableceráse o avituallamento final na zona de meta.

ARTÍCULO 11.- SEGUROS

Todos os participantes estarán cubertos por unha póliza de Responsabilidade civil e outra de Accidentes proporcionada pola licenza de día da FGA.

A Organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida causarse a si mesmo un atleta ou a terceiros.

ARTÍCULO 12.-


Todos os participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización por si mesma ou mediante terceiros, traten informáticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter personal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, video, etc.

De acordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercer este dereito deberá solicitalo por correo electrónico a cultura.deportes@fene.es

Circuitos:



C.I.
F.:
P-
150
360
0-G



C.I.
F.:
P-
150
360
0-G